



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) PARA REGULAR O RÉXIME DE COORDINACIÓN DA PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E FEIRAIS E AS ACTIVIDADES DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DO MÓDULO DE ATLETISMO INSTALADO NO PAVILLÓN Nº 5 DO IFEVI

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en uso das competencias atribuídas no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Don Arsenio F. Prieto Martínez, con DNI 32.400.664-N, actuando en nome e representación da Fundación Instituto Feiral de Vigo, en calidade de director-xerente, en cumprimento das funcións que ten encomendadas en virtude do disposto no artigo 28 dos estatutos da fundación.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as competencias de elaboración, proposta e execución da política de goberno galego na materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 15 do Decreto 117/2022, de 22 de xuño.

No exercicio da devandita competencia aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, co obxecto de promover e coordinar o deporte na Comunidade Autónoma, así como ordenar o seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma galega. Entre os principios xerais que, segundo a Lei do deporte de Galicia, informan o fomento da práctica deportiva polo conxunto das administracións públicas, atópase "a planificación e promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilite a xeneralización práctica da actividade deportiva" (artigo 4 letra j), principio xeral que se atopa na base das competencias da administración autonómica, como é a da formulación de políticas transversais de fomento da actividade física referidas ao conxunto da poboación (artigo 5.1.b).

SEGUNDO.- A Fundación Instituto Feiral de Vigo (en adiante IFEVI), fundación de interese galego ao amparo da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de réxime das fundacións de interese galego, constituíuse no 1998 con vocación de servizo aos sectores profesionais e sociais da Eurorexión, converténdose nun centro activo de sinerxías profesionais e sempre na procura

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

T 881 996 349

contratacion.deportes@xunta.gal





de novos sectores de negocio e de ámbitos de actuación nos que ofertar os seus servizos e espazos.

A Fundación ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción. A tal fin ven desenvolvendo no recinto feiral que xestiona actuacións que se concretan, fundamentalmente, en feiras, certames, exposicións e eventos de carácter cultural e deportivo que demandan amplos espazos nas instalacións nas que desenvolver as actividades.

Na actualidade, o IFEVI está a desenvolver un proceso de ampliación da súa superficie e instalacións que se concretou en actuacións de ampliación dos pavillóns existentes cos novos pavillóns 4 e 5, dunha superficie de ocupación cada un deles de 5.000 m2 aproximadamente, o que lle permite continuar ampliando a súa oferta multidisciplinar de negocio e de lecer, oferta entre a que se encontra tamén a de carácter deportivo.

Esta ampliación de servizos permítelle ao IFEVI continuar nunha senda de crecemento e óptimo aproveitamento, mellorando na compatibilización de usos e servizos en beneficio dos intereses xerais aos que serve e optimizándose a propia xestión dos servizos do instituto.

A mellora da oferta e dotación públicas de instalacións e equipamentos deportivos é unha das prioridades da Xunta de Galicia, coincidente tamén co servizo do interese público que procura o IFEVI. Esta oferta deportiva supón ademais continuar avanzando na ampliación dos servizos prestados polo IFEVI, en liña co xa implementado noutros institutos feirais como é o caso da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense e a súa pista de atletismo hidráulica cuberta.

TERCEIRO.- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia e a Presidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinaron o 28 de xuño 2021 un acordo de cooperación interadministrativa para levar a cabo a instalación e o equipamento do módulo de atletismo no pavillón número 5 do Instituto Feiral de Vigo.

En virtude do referido acordo, a Secretaría Xeral para o Deporte acometeu as obras obxecto do mesmo e que consistiron na instalación dun módulo de atletismo completo que conta co seguinte:

- un pavimento deportivo de seis rúas para a práctica do atletismo
- unha zona de salto de lonxitude e triplo salto
- unha zona de lanzamento de peso
- unha zona de salto con pértiga e de salto de altura
- todos os útiles e elementos deportivos necesarios para a súa utilización

A execución do módulo conta coa correspondente solicitude de homologación que emitirá a Real Federación Española de Atletismo.





O 9 de setembro de 2022 a Fundación Instituto Feiral de Vigo asinou coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación un convenio de colaboración para regular o réxime do uso e conservación dos pavillóns 4 e 5 do recinto feiral Instituto feiral da cidade de Vigo. Na cláusula segunda do dito convenio acordase que "a xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións obxecto dos pavillóns 4 e 5 se leve a cabo pola Fundación IFEVI, mediante a cesión do uso dos pavillóns 4 e 5."

Asemade na súa cláusula terceira indícase que "o pavillón 5 foi equipado na súa construción cun módulo de atletismo para a celebración de eventos ligados ao deporte de atletismo e, unha vez cedido o uso do pavillón 5 ao IFEVI, a Fundación e a Secretaría Xeral para o Deporte subscribirán un acordo que regule o réxime de coordinación e uso de dita dotación deportiva."

CUARTO.- Neste proceso de colaboración entre a Xunta de Galicia e o IFEVI, no ámbito de prestación do servizo público relacionado co deporte, é intención das partes coordinar a xestión e uso de dita dotación deportiva no pavillón número 5 do Instituto Feiral de Vigo, garantindo en todo caso a realización preferente de actividades feirais que permita, de forma individualizada ou conxunta co resto de instalacións, a celebración de eventos feirais, certames e exposicións que forman parte do obxecto e fins da Fundación a cal verá ampliada a súa oferta co aproveitamento do sistema económico ligado ao deporte.

QUINTO.- Continuando co proceso de cooperación é necesario proceder á subscripción dun convenio entre as partes para regular:

- Por un lado, o réxime de coordinación para programación por cada unha delas das súas respectivas actividades no pavillón 5, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo, sempre e en todo caso, a compatibilidade deste uso co feiral da instalación.
- Por outro, o réxime de xestión do uso deportivo que garanta a optimización das instalacións tanto no rendemento deportivo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos como na conservación e mantemento do ben común que constitúe o módulo de atletismo.

Por todo o anterior a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer:

O réxime de coordinación do uso do módulo de atletismo entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Fundación do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para a programación por cada unha das





partes das súas respectivas actividades, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo a compatibilidade deste uso deportivo co feiral da instalación, tendo en todo caso preferencia a realización das actividades feirais.

A regulación da xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os gastos de funcionamento das mesmas, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas, competicións ou eventos deportivos.

SEGUNDA.- Uso deportivo do módulo de atletismo

O uso deportivo do módulo enmarcarase no período que abrangue entre o 1 de novembro e o 1 de maio, ambos inclusive.

Coa finalidade de coordinar o uso deportivo do módulo co uso feiral, cada ano poderán precisarse, dentro dese período, as datas concretas dispoñibles para a utilización do módulo de atletismo a través da Comisión Técnica prevista na cláusula oitava. A utilización do módulo de atletismo concretarase tendo en conta en todo caso a preferencia das actividades feirais e garantindo a compatibilidade do uso deportivo co uso feiral da instalación.

TERCEIRA.- Xestión, mantemento e conservación do módulo de atletismo

A responsabilidade da xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, así como os gastos que o seu funcionamento xere, serán a cargo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.

Tendo en conta que a Fundación Instituto Feiral de Vigo é o titular da cesión de uso do pavillón número 5, no que se encontra o módulo de atletismo, acordase que a xestión do módulo de atletismo así como a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, se leve a cabo polo IFEVI garantindo que as instalacións se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas.

CUARTA.- Obrigas do IFEVI

- a) IFEVI utilizará o espazo do módulo deportivo de acordo coas limitacións de uso recollidas no proxecto técnico, en especial as relativas as medidas de mantemento e limpeza que se deban empregar (estas medidas serán, en calquera caso, especificadas por parte da Secretaría Xeral para o Deporte á Fundación para a súa correcta comunicación a terceiros – usuarios dos eventos feirais).
- b) IFEVI posibilitará o uso deportivo do recinto e a coordinación da actividade feiral coa actividade deportiva, de xeito que se garanta, por unha parte, a continuidade con normalidade da actividade feiral propia da Fundación e, por outra, a adecuada funcionalidade da módulo de atletismo e o equipamento deportivo para o uso das distintas disciplinas atléticas.





- c) IFEVI facilitará as actuacións que sexan necesarias para manter o uso deportivo en condicións de calidade e operatividade durante o tempo de duración do mesmo.
- d) IFEVI farase cargo da apertura e peche e limpeza, diaria e durante a competición, do módulo e das instalacións interiores e exteriores, durante o período de uso deportivo.
- e) De acordo co previsto no convenio de 9.09.2022, o IFEVI garantirá a seguridade e a vixilancia do recinto tanto no interior como no exterior, e contará cun seguro de responsabilidade civil e do edificio que cubra os danos ou sinistros que ocorran, incluíndo durante os períodos de competición e uso deportivo.

QUINTA.- Obrigas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

- a) Previa comunicación escrita a IFEVI, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá realizar as accións adicionais de mantemento e melloras que sexan necesarias para a axeitada conservación do módulo de atletismo. Estas accións correrán a cargo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- b) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, comprométese a coordinarse con IFEVI na utilización da instalación deportiva para unha mellor xestión da mesma, de acordo co previsto neste convenio.
- c) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a achegar, como máximo, as cantidades que figuran no presente convenio para compensar ao IFEVI polos gastos que deriven da xestión e funcionamento, mantemento e conservación da instalación deportiva ubicada no pavillón nº 5.

SEXTA.- Condicións económicas

Como compensación dos gastos nos que incorre o IFEVI, durante o período do uso deportivo previsto na cláusula segunda, na xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación do módulo de atletismo do pavillón nº 5, así como os seus gastos de funcionamento, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará como máximo cun importe de douscentos mil euros (200.000,00 €), imputables á aplicación orzamentaria e anualidades que deseguido se identifican:

Aplicación orzamentaria: 06.02.441A.226.99

Anualidade 2023: 80.000,00 €

Anualidade 2024: 120.000,00 €

A colaboración financeira da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar á Fundación IFEVI dos gastos nos que efectivamente incorra como consecuencia do cumprimento obxecto do convenio.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

T 881 996 349

contratacion.deportes@xunta.gal





Para o cálculo do importe compensatorio máximo tomouse en consideración o orzamento de gastos totais previsto polo Padroado da Fundación para o ano 2022. Neste sentido os gastos xerais anuais da Fundación IFEVI ascenden a 1.687.309,00 € para unha superficie útil estimada de 35.000 metros².

O pavillón nº 5 ten unha superficie útil estimada de 5.000 metros², o que supón a sétima parte da totalidade da superficie do IFEVI. Prorrateados os gastos totais á superficie do pavillón nº 5, obtemos como resultado que os gastos deste pavillón ascenden a 241.044,14 € anuais.

Dado que a utilización deportiva do mesmo é, en principio, de 6 meses e a achega máxima da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ascende a 120.000,00 € anuais, o importe máximo calculado supón o 100% dos gastos de funcionamento do recinto deportivo no período establecido neste convenio. Posto que a previsión da sinatura do convenio e o inicio das actividades deportivas se producirá no mes de marzo, para o ano 2023 a cuantía redúcese en dous meses de actividade, o que supón que a compensación para este ano ascende a 80.000,00€.

Este contravalor está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado.

Tendo en conta o previsto para a anualidade 2023 prevese que os gastos para o ano 2024 serán similares os desta anualidade, polo que se mantén o mesmo importe compensatorio, sen prexuízo da obrigatoriedade de xustificación da Fundación.

Ao finalizar a primeira anualidade e revisada a xustificación presentada pola Fundación, a achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá ser obxecto de revisión aos efectos de axustarse aos gastos reais do pavillón nº 5 na súa utilización deportiva. Dita revisión non será efectiva en ningún caso se non se formaliza mediante a modificación do presente convenio.

O aboamento das citadas cantidades faranse en varios pagos anuais da forma que se detalla a continuación:

Na anualidade de 2023 os pagos faranse da seguinte forma:

1. Un primeiro pago, a 1 de maio, polo importe xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión, mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o primeiro período de uso deportivo.
2. Un segundo pago equivalente ao importe restante da correspondente anualidade, a 26 de decembro, unha vez xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión, mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o segundo período, sen prexuízo de





poder xustificar no primeiro pago da anualidade do 2024 os gastos e pagos nos que se incurriran neste período e non se incluíran na xustificación.

Na anualidade de 2024 e seguintes, no caso de que se proceda a prórroga do convenio, os pagos faranse da seguinte forma:

1. Un primeiro pago, a 1 de marzo, polo importe xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión, mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o uso deportivo dos meses de xaneiro e febreiro.
2. Un segundo pago, a 1 de maio, polo importe xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados polo mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo durante o uso deportivo dos meses de marzo e abril.
3. Un último pago, polo importe restante da correspondente anualidade, a 30 de decembro, unha vez xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión, mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o último período de uso deportivo.

No caso de que se prorrogue o convenio neste último pago se procederá da mesma forma que na anualidade 2023, a 26 de decembro, unha vez xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión, mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o último período, sen prexuízo de poder xustificar no primeiro pago da anualidade do 2025 os gastos e pagos nos que se incurriran neste período e non se incluíran na xustificación.

Tamén achegará as certificacións expedidas polas administracións correspondentes, que acrediten que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como que non ten débedas contraídas coa Xunta de Galicia.

A presentación da documentación solicitada será obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, con código PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte. Este formulario estará dispoñible para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dirixidos a calquera órgano, servizo ou unidade da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





SÉTIMA.- Medios humanos e materiais

IFEVI disporá dos medios humanos, materiais e técnicos, así como a loxística necesaria para o desenvolvemento das actividades deportivas que constitúen o obxecto deste convenio. Consecuentemente, o persoal de IFEVI que realice as actividades derivadas deste convenio non terá relación de carácter laboral ou administrativo coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Neste sentido, IFEVI exercerá respecto ao persoal ao seu cargo, os poderes de dirección e control. Do mesmo xeito, a citada entidade queda obrigada a cumprir, baixo a súa responsabilidade, todas as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

OITAVA.- Comisión Técnica

Establécese unha comisión técnica, que estará composta por dous representantes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do IFEVI, que se reunirá cantas veces sexa necesario, para deliberar e acordar a coordinación das actuacións relacionadas coa finalidade perseguida coa firma do presente convenio e para o seguimento do grao de execución así como a solución de controversia que a súa interpretación poida motivar.

A esta comisión poderán incorporarse dous representantes da Federación Galega de Atletismo cando se traten aspectos relativos ao desenvolvemento da práctica deportiva do atletismo.

NOVENA.- Vixencia e causas de resolución

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse de forma expresa por acordo das partes, mediante a sinatura dunha addenda tramitada consonte o procedemento legalmente establecido, por anos naturais, cunha duración máxima de ata dous anos adicionais.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
2. O acordo unánime de todos os asinantes.
3. A decisión da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia de atribuír a terceiros a xestión da infraestrutura deportiva antes de finalizar o período de vixencia do convenio. Neste caso, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia deberá comunicar ao IFEVI esta decisión cun período mínimo de antelación de dous meses.





4. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA.- Modificación do convenio

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1. Por acordo unánime de todos os asinantes.
2. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza e réxime xurídico

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do mesmo deberán resolverse pola Comisión Técnica á que se refire a cláusula oitava do presente convenio. Se non se puidese acadar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso – administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

1) As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas os avisos da posta a disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta do correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

2) As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando





transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3) Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos demais medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade e rexistro.

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 123/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade, asínase este convenio no lugar arriba sinalado e na data da sinatura electrónica

Diego Calvo Pouso,
Vicepresidente segundo e Conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deportes

Arsenio F. Prieto Martínez,
En representación da Fundación
Instituto Feiral de Vigo

